

Lugo, 22 de xullo de 2016.- A Alcaldesa P.D.O Tenente de Alcalde Delegada da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal (Decreto Alcaldía número 15005565/2015) Daniel Piñeiro Vilares

R. 2295

### *Anuncio*

Comunícase que por Decreto número: 16005886 de data: 28-07-16 asinado pola Tenenta Alcalde Delegada da área de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico, procédese á **MODIFICACIÓN** do decreto número 16005538 de data 12-07-16, relativo á **CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DO ALUGUER DE STANDS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA NO SAN FROILÁN 2016: POSTOS AVENIDA RODRÍGUEZ MOURELO (LOTE 1), POSTOS PRAZA MAIOR (LOTE 2), POSTOS AVENIDA DR. GARCÍA PORTELA (LOTE 3) E POSTOS NA RÚA PURO CORA (LOTE 4). EXPDTE. 30-2016.**

Así pois por medio deste novo anuncio **modifícanse as prescricións técnicas que rexerán esta contratación** e polo tanto ábrese un novo prazo de presentación de proposicións, sendo igualmente o prazo de quince días naturais a contar a partir da publicación deste novo anuncio no BOP.

**Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

**Gastos do anuncio:** 45,76 euros que serán por conta do Concello de Lugo.

Lugo, 29 de xullo de 2016.- O ALCALDE, A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO Ana Prieto Nieto

R. 2313

## MONDOÑEDO

### *Anuncio*

Elevándose a definitivo o acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de 27 de maio de 2016, de aprobación provisional do "Regulamento de Voluntariado Cultural do Concello de Mondoñedo", non presentándose reclamacións durante o período de exposición ao público, dando cumprimento ao artigo 45 da Ley 7/1985 de, 2 de abril, transcribe o texto íntegro da mesma:

#### **REGULAMENTO DE VOLUNTARIADO CULTURAL DO CONCELLO DE MONDOÑEDO**

#### **PRIMEIRA.- OBXECTIVO DO PROGRAMA DE VOLUNTARIADO CULTURAL PROXECTADO NO PRESENTE REGULAMENTO**

O programa ten por obxecto promover e fomentar o voluntariado cultural, regulando basicamente o seu funcionamento, establecendo as canles de participación dos cidadáns e cidadás que de forma solidaria e altruísta queiran colaborar na prestación de actividades culturais na cidade de Mondoñedo.

Pretende regular a forma de participación, os dereitos e obrigas dos voluntarios culturais e a súa relación co Concello de Mondoñedo.

#### **SEGUNDA.- O VOLUNTARIADO CULTURAL**

Enténdese por acción voluntaria, de acordo coa Lei 10/2011, e consecuentemente por acción voluntaria cultural a realizada por persoas físicas como resultado da súa participación social organizada no desenvolvemento de actividades de interese xeral a través de entidades de acción voluntaria, sempre que reúnan as seguintes condicións:

- a) Que se trate dunha decisión libremente adoptada e non traia causa dunha obriga ou dun deber xurídico.
- b) Que se execute fóra do ámbito laboral, profesional, funcionarial ou mercantil ou de calquera outro tipo de relación retribuída.
- c) Que a acción voluntaria se leve a cabo sen contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que esta acción poida ocasionar ou dos recoñecementos que correspondan.
- d) Que se leve a efecto en función de programas concretos, xa sexan promovidos pola entidade ou polas administracións públicas de Galicia.

Non terán a consideración de acción voluntaria incluídas neste programa:

- a) As actividades que sexan realizadas de forma espontánea.
- b) As consideradas como prácticas, aprendizaxes ou experiencia profesional.
- c) As que sexan prestadas á marxe da entidade de acción voluntaria, de xeito illado ou esporádico.